



# CONCELLO DE CABANAS

## ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN REALIZADA O 21 DE AGOSTO DE 2018.

Alcalde-Presidente:

D. Germán Castrillón Permuy (Gr.PP)  
Concelleiros/as;  
D. Manuel González López (Gr.PP)  
Dª. Esperanza Gayoso Pereiro (Gr.PP)  
D. Julián Ramón Seijas Criado (Gr.PP)  
D. Javier Fernández Brage (Gr.PP)  
D. Delfín Feal Pereira (Gr. Socialista)  
D. Carlos Ladra Brage (Gr.Socialista)  
Dª. Concepción Rodríguez Ferreiro (Gr.Socialista)  
D. Iago Varela Martínez (BNG-Gr.Mixto)  
Dª. María Eva García Amor (AEC-Gr.Mixto)  
D. Xosé Manuel Pérez Sardiña (PDDdG-Gr.Mixto).

Secretario-Interventor:

D. Antonio López Vila.

declara aberta e pública a sesión, e procédese a trata-los asuntos incluídos na Orde do Día.

1.- EXPEDIENTE MODIFICACIÓN DE CREDITOS 8/2018. Examinada a proposta de modificación de créditos que se detalla na memoria da Alcaldía-Presidencia, por importe de 16.500,00 euros, para fazer fronte a gastos a cargo desta Corporación relativos a investimentos, para os que é insuficiente o crédito existente no orzamento vixente, e que considera necesario realizar no presente ejercicio sen que se poidan atrasar para o exercicio seguinte, utilizando como recursos para o seu financiamento as baixas doutras partidas de gastos, estimando que as modificacíons son necesarias con carácter inaprazable e non existe ningún prexuízo para os intereses do Concello.

No expediente inclúense informes de Intervención coas correspondentes consideracións, así como ditame favorable da Comisión de Facenda.

Na deliberación do asunto prodúcense as intervencións coas opinións que de forma sintetizada se recollen a continuación:

Polo grupo Mixto: o concelleiro do BNG Sr. Varela Martínez indica que xa ten comentado que non son os seus orzamentos desde o momento que non contaron con el para a elaboración e polo tanto tampouco apoiará as súas modificacíons.

O concelleiro de PDDdG Sr. Pérez Sardiña entende que o pavillón de Porte ten unhas deficiencias que é necesario amañar e nunca van a votar en contra de melloras que repercuten no ámbito educativo, o centro debería estar transferido e a Consellería ocuparse destas cousas, cuestión aparte é o roteiro turístico que xa manifestou non estar de acordo con facer obras que reciben subvención e despois queda todo abandonado como en Xabariz ou o camiño cara o mosteiro pola beira do río, votará a favor polo tema do pavillón.

No salón de sesións da Casa do Concello de Cabanas, sendo as dezanove horas e trinta minutos do día vinte e un de agosto de dous mil dezaoito, reúnense en primeira convocatoria, baixo a presidencia do Sr. Alcalde don Germán Castrillón Permuy, os señores/as concelleiros/as que se relacionan á marxe, ao obxecto de realizar sesión extraordinaria do Pleno da Corporación, e coa asistencia do Secretario-Interventor titular don Antonio López Vila, que da fe do acto.

Unha vez comprobada a existencia de quórum para a válida constitución do Pleno, o Sr. Presidente



# CONCELLO DE CABANAS

Polo grupo Popular: o Sr. Alcalde manifesta non é como di o Sr. Pérez Sardiña, as fontes se están a reparar con subvencións, puido haber problemas cando a seca pero agora están funcionando e fáiselle o mantemento, e os camiños igual, hai actividades de rotas de sendeirismo para dar a coñecer o entorno natural e que están limpas.

Despois de debatido o asunto o Pleno da Corporación en votación ordinaria con dez votos a favor dos membros do grupo Popular, grupo Socialista, concelleira de AEC e concelleiro de PDDdG, e unha abstención do concelleiro do BNG, acorda:

Primeiro: Aproba-la referida proposta de modificación de crédito aplicando as cantidades correspondentes as partidas que se reflicten na memoria segundo o seguinte detalle:

1º. Aumentos partidas de gastos.

## Suplementos de crédito

Partida	Denominación	Consig.antes expediente.	Aumento proposto	Consignación resultante
1700.61999	Outros investimentos	20.422,52	4.000,00	24.422,52
3421.63201	Mellora edificios e outras construcións	28.940,00	12.500,00	41.440,00

Total incrementos de crédito.....16.500,00 euros.

2º.- Financiamento

## Baixas en partidas de gastos.

Partida	Denominación	Consig.antes expediente.	Crédito disponible	Baixa proposta	Consignac.. Resultante
1511.22706	Estudos e traballos técnicos	32.000,00	25.701,95	7.500,00	24.500,00
4321.61908	Outros investimentos infraestruc.	59.278,99	57.766,49	9.000,00	50.278,99

Total financiamento.....16.500,00 euros

Segundo: Continua-la tramitación do expediente con exposición pública en forma regulamentaria a efectos de exame e reclamacións.

Terceiro: No suposto de non presentarse reclamacións contra o mesmo considerarase definitivamente aprobado, debendo cumplirse o trámite de publicación do correspondente resumo no B.O.P. e no Taboleiro de Anuncios do Concello

2.- APROBACIÓN DEFINITIVA E SOLICITUDE DE URXENTE OCUPACIÓN DA RELACIÓN DE BENS E DEREITOS A EXPROPIAR AFECTADOS POLAS OBRAS DE “CONEXIÓN DA REDE DE ALCANTARILLADO DESDE A ÁREA RECREATIVA DE A VEIGA, 3ª FASE, CONEXIÓN ALCANTARILLADO EN CAMIÑO DO RIO E MELLORA PAVIMENTOS EN BATÁN DE ARRIBA”. Vista a necesidade de proceder a execución das obras de “Conexión da rede de alcantarillado desde a Área recreativa de A Veiga, 3ª fase, conexión alcantarillado en camiño do río e mellora pavimentos en Batán de Arriba” incluída no Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de competencia municipal (POS+2018), debe procederse a ocupación de terreos de titularidade privada. Despois de realizadas xestións pola Alcaldía, dáse conta da necesidade de proceder a adquisición por expropiación forzosa dos bens a ocupar por non haberse cedido de forma voluntaria polos seus titulares ou resultar descoñecidos.



# CONCELLO DE CABANAS

Visto o acordo adoptado polo Pleno da Corporación en sesión realizada o 18 de decembro de 2017 polo que se aproba a proposta do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2017" da Deputación Provincial da Coruña, que inclúe a obra de referencia e se aproba o seu proxecto técnico.

Considerando o disposto nos artigos 9 e 10 da Lei de Expropiación Forzosa, de 16 de decembro de 1954, e artigo 94 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.

Visto que segundo ditas disposicións a aprobación de dito Plan Provincial leva implícita a declaración de utilidade pública das obras incluídas e polo tanto a autorización para expropriar bens e dereitos necesarios para a súa realización.

Visto o acordo do Pleno da Corporación de data 28 de marzo de 2018 no cal estimouse necesaria a realización da obra de referencia, considerando implícita a declaración de utilidade pública, así como aprobouse a relación individualizada de bens e dereitos a expropriar para a execución da obra.

Visto que publicado anuncio no BOP nº 126 de data 4 de xullo de 2018 a efectos de emendar posibles errores ou opoñerse a ocupación dos bens afectados no prazo de quince días, sen que ser presentase alegación algúnhha.

De conformidade cos antecedentes e consideracións expostas, o Pleno da Corporación en votación ordinaria, con dez votos a favor dos membros dos grupos Popular, Socialista, concelleiro do BNG e concelleira de AEC, e unha abstención do concelleiro de PDDdG, acorda:

1º.- Aprobar con carácter definitivo a relación concreta e individualizada dos bens e dereitos a expropriar para a execución da obra incluída no POS+2018 da Deputación Provincial da Coruña, "*Conexión da rede de alcantarillado desde área recreativa de A Veiga a Batán, 3ª fase, conexión alcantarillado en camiño do río e mellora pavimentos en Batán de Arriba*" segundo proxecto técnico redactado polo enxeñeiro de camiños D. Antonio J. Durán Maciñeira e aprobado polo Pleno da Corporación en data 18 de decembro de 2017, considerando implícita a declaración de utilidade pública das obras comprendidas no mesmo aos efectos de expropiación, cuxa relación a continuación se cita:

PARCELA			AFECCION (m2).		
Núm.	Ref. Catastral	Propietario	Servidume	Resto parcela	Total
39	15015A01100658	Sanchez Salgado Guillermo	37,06	37,55	74,61
40	15015A01100713	En investigación, artigo 47 da Lei 33/2003	64,55	48,77	113,32
41	15015A01100714	Vila Uría José	209,68	18,11	227,79
42	15015A01100715	Vila Uría Jesús	30,33	31,79	62,12
43	15015A01100719	Vila Uría José	59,08	1,92	61,00

2º.- Dar traslado ao Ministerio Fiscal, con quen se entenderán as actuacións posteriores, con respecto aos terreos afectados polo expediente de expropiación, cuxos titulares non compareceron no expediente ou cuxa propiedade resulta litixiosa. Non obstante, en calquera momento poderán comparecer os afectados persoándose nos trámites e actuacións que se practiquen.

3º.- Proceder á publicación deste acordo na forma a que se refire o artigo 18 da Lei de Expropiación Forzosa, abrindo información pública durante un prazo de quince días, no



# CONCELLO DE CABANAS

taboleiro de anuncios da Casa do Concello e Boletín Oficial da Provincia, en un dos xornais de maior circulación da provincia, con notificación persoal aos interesados, coa indicación de que pon fin a vía administrativa e contra o cal poderase interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o mesmo órgano que o ditou, no prazo dun mes contado desde o día seguinte de recepción da notificación do presente acordo, ou ben directamente, recurso contencioso-administrativo ante o xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados desde a mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

4º.- Solicitar á Xunta de Galicia a declaración de urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polas obras “*Conexión da rede de alcantarillado desde área recreativa de A Veiga a Batán, 3ª fase, conexión alcantarillado en camiño do río e mellora pavimentos en Batán de Arriba*” incluída no POS+2018 da Deputación Provincial da Coruña, por tratarse dun servizo mínimo municipal

3.- EXPEDIENTE CONTRATACIÓN “RENOVACIÓN DA INSTALACIÓN DO ALUMADO PÚBLICO NO ENTORNO DO PIÑEIRAL DA PRAIA DA MADALENA.

Visto o expediente de contratación da obra “Renovación da instalación do alumado público no entorno do piñeiral da praia da Madalena”, segundo proxecto redactado polo arquitecto don Joaquin Leal Rodriguez e o enxeñeiro industrial don Pablo Pazos García, cun orzamento de licitación de 489.286,62 euros, máis 102.750,19 euros de ive, o que importa un total de 592.036,81 euros. Dita obra finánciase ao abeiro do convenio de colaboración entre a Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia e o Concello de Cabanas, subscrito en data 8 de marzo de 2018.

Vista a Memoria xustificativa da Alcaldía coa que se inicia o expediente, informes do arquitecto técnico municipal, e de Secretaría-Intervención, así como o Prego de cláusulas administrativas particulares que rexerán a contratación da obra mediante procedemento aberto simplificado, con varios criterios de adxudicación mediante a aplicación de fórmulas e tramitación ordinaria.

Na deliberación do asunto prodúcense as intervencións coas opinións que de forma sintetizada se recollen a continuación:

Polo grupo Mixto: a concelleira de AEC Sra. García Amor manifesta a satisfacción por esta obra tan necesaria que estaban a demandar tódolos grupos, ademais de supoñer un aforro enerxético e a tecnoloxía led, tamén suporá unha mellora da imaxe do emblemático paseo do piñeiral da Madalena.

Polo grupo Popular: o voceiro Sr. González López indica que o proxecto inclúe a renovación do alumado público no entorno do piñeiral da Madalena e suporá unha mellora, tanto desde o punto de vista medioambiental como da calidade de iluminación da zona, ademais de importantes aforros enerxéticos; a Consellería de Industria aporta un 98% do custo do proxecto que incluirá a renovación de luminarias con tecnoloxía led que permitirá a mellora da iluminación e maior benestar da veciñanza, agarda que sexa un referente para a zona.

Debatido o asunto o Pleno da Corporación en votación ordinaria, con nove votos a favor dos membros dos grupos Popular, Socialista e concelleira de AEC, e dúas abstencións, do concelleiro do BNG e do concelleiro de PDDdG, acorda:



# CONCELLO DE CABANAS

Primeiro.- Aprobar o proxecto técnico da obra “Renovación da instalación do alumado público no entorno do piñeiral da praia da Madalena”, segundo proxecto redactado polo arquitecto don Joaquin Leal Rodriguez e o enxeñeiro industrial don Pablo Pazos García, cun orzamento de licitación de 489.286,62 euros, máis 102.750,19 euros de ive, o que importa un total de 592.036,81 euros

Segundo.- Aprobar o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto simplificado, con varios criterios de adxudicación, e tramitación ordinaria, da obra “Renovación da instalación do alumado público no entorno do piñeiral da praia da Madalena” cun orzamento de licitación de 489.286,62 euros, máis 102.750,19 euros de ive, o que importa un total de 592.036,81 euros, convocando a súa licitación.

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe de 592.036,81 euros en contía de euros, que representa a contratación de referencia, con cargo á aplicación orzamentaria 1651.61907 do vixente Orzamento Municipal para 2018.

Cuarto.- Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares que rexerán a contratación da obra “Renovación da instalación do alumado público no entorno do piñeiral da praia da Madalena”, mediante procedemento aberto simplificado, con varios criterios de adxudicación mediante a aplicación de fórmulas, e tramitación ordinaria.

Quinto. Publicar o anuncio de licitación no perfil de contratante co contido contemplado no anexo III da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Sexto.- A composición da mesa de contratación será a establecida na cláusula 41 do Prego de cláusulas administrativas particulares.

A continuación a Presidencia levanta a sesión sendo as dezanove horas e cincuenta minutos da cal estendo a presente acta, e do que eu Secretario, dou fe.

Vtº e prace.

O Secretario

O Alcalde